



DIPUTACIÓN

NOTICIAS

AGENDA

PROVINCIA

CENTROS

Español

Texto a buscar

Fernando Suárez incorpórase ao seu cargo de director da Área de Transparencia e Goberno Aberto da Deputación de Ourense

de la Provincia
Turísticas
rio
llos

o Cultural
Principal
anda de Gaitas

ado de Turismo
Paco Paz

titación: Modelos
entos
tación: Modelos
n de Publicaciones
sión en Ourense
n Aguas-Solicitud
o de vertidos

ncia técnica
Virtual
tación
ismo en Red
arios de solicitud
s empleo
mientos



Manuel Baltar reuniuse hoxe con el e coa directora xeral de Recursos Humanos no Pazo provincial.

s, comisiones y
de gobierno
del Funcionario
aciones
aciones
eca
tos cofinanciados
onómica

o Popular
o Socialista
o Nacionalista
o Galicia Ourensana

Ourense, 16 de xaneiro de 2018.- Fernando Suárez Lorenzo incorporouse hoxe ao seu cargo de director da Área de Transparencia e Goberno Aberto da Deputación de Ourense, posto para o que fora nomeado o pasado mes de decembro. O presidente da Deputación provincial, Manuel Baltar, reuniuse hoxe con el e coa directora xeral de Recursos Humanos, Paloma Domínguez, para analizar referidos ás súas funcións, como a xestión e desenvolvemento do ámbito da Transparencia na institución provincial e a execución do programa "Provincia Intelixente", así como as labores de actualización, documentación e implementación de novos procesos de información pública que abrangue a Deputación na provincia de Ourense.

Manuel Baltar afirma que a Deputación de Ourense "lidera rankings de transparencia nos ámbitos autonómico e nacional, e consideramos fundamentais as políticas de goberno aberto e de interacción cidadá para achegar aínda máis a Deputación aos veciños da nosa provincia". "Debemos dispoñer dos mellores medios e sistemas tecnolóxicos e de comunicación para trasladar aos cidadáns a información pública que por lei se pode transmitir. Inmediatez, rigor e sinxeleza son claves nas políticas de transparencia, un traballo que ten como obxectivo estar a un só "clic" dos cidadáns", expresou o presidente do goberno provincial.

Fernando Suárez (Ferrol, 1973), licenciado en Informática pola Universidade da Coruña, é un dos impulsores do Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG). Conta cunha destacada experiencia na implementación da e-Administración e da innovación na Administración Local, sendo responsable de proxectos como o Smart iAGO, e ocupando postos como o de xefe de sección de Comunicación e Innovación. Conta ademais cunha ampla formación en campos como a administración electrónica, a transparencia, certificado dixital, Big Data, materias das que ten impartido e dirixido numerosos cursos.

Entre os cargos que ten ocupado destacan a Presidencia do Colexio Profesional da Enxeñaría Informática de Galicia (dez anos), a Vicepresidencia da Comisión de acreditación Euroinf da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade; a vogalía da Comisión de avaliación de enxeñaría e informática da Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia, e o de xefe de Sistemas da Axencia de modificación tecnolóxica de Galicia. Ademais, é membro do Foro nacional de confianza dixital da Secretaría de Estado de Telecomunicacións, e autor de libros publicados en distintas materias no ámbito da Enxeñaría Informática.

Deputación de Ourense • C/ Progreso, 32 - 32003 OURENSE • Tfno: 988 317 500 • www.depourense.es

[Aviso Legal](#)

[Política de Privacidade](#)

[Aviso Confidencialidade Correo](#)

[Mapa del sitio](#)